

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

11033 *Real decreto 974/2009, do 12 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 940/2001, do 3 de agosto, polo que se establecen normas reguladoras da axuda á transformación no sector do liño e o cânabo con destino á produción de fibras.*

O Regulamento (CE) n.º 247/2008 do Consello, do 17 de marzo, que modifica o Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas, fixa a axuda para a fibra curta de liño e de cânabo cun contido máximo dun 7,5 por cento de impurezas e residuos. Non obstante, facultaba os Estados membros para conceder a axuda á produción de fibra cando o contido en impurezas e residuos non supere o 15 por cento para a fibra curta de liño e 25 por cento para a fibra de cânabo.

Posteriormente, o Regulamento (CE) n.º 72/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se adapta a política agrícola común mediante a modificación dos regulamentos (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 320/2006, (CE) n.º 1405/2006, (CE) n.º 1234/2007, (CE) n.º 3/2008 e (CE) n.º 479/2008 e a derogación dos regulamentos (CEE) n.º 1883/78, (CEE) n.º 1254/89, (CEE) n.º 2247/89, (CEE) n.º 2055/93, (CE) n.º 1868/94, (CE) n.º 2596/97, (CE) n.º 1182/2005 e (CE) n.º 315/2007, modificou a axuda á produción de fibras longas de liño e fibras curtas de liño e cânabo, e mantén a facultade de que os Estados membros poidan fixar os límites de impurezas e residuos nos mesmos termos que recolle o parágrafo anterior.

Os cambios da normativa comunitaria fan necesario modificar o Real decreto 940/2001, do 3 de agosto, polo que se establecen normas reguladoras da axuda á transformación no sector do liño e do cânabo con destino á produción de fibras.

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, en función das saídas de mercado tradicionais, considera conveniente manter os límites de impurezas e residuos fixados para as campañas afectadas polo citado real decreto e, en consecuencia, prorrogalas ás campañas 2009/2010 a 2011/2012.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades máis representativas do sector.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de xuño de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 940/2001, do 3 de agosto, polo que se establecen normas reguladoras da axuda á transformación no sector do liño e o cânabo con destino á produción de fibras.*

O Real decreto 940/2001, do 3 de agosto, polo que se establecen normas reguladoras da axuda á transformación no sector do liño e o cânabo con destino á produción de fibras, queda modificado como segue:

O artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 12. Contía e límites das axudas.

1. Para as campañas de comercialización 2009/2010 a 2011/2012 o contido máximo en impurezas e residuos será do 15 por cento para as fibras curtas de liño

e do 25 por cento para as fibras de cânabo. A cantidade a que se lle conceda a axuda será calculada segundo o disposto no artigo 7, punto 2, do Regulamento (CE) n.º 245/2001 da Comisión, do 5 de febreiro, que establece disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1673/2000, do Consello, polo que se establece a organización común de mercados no sector do liño e o cânabo destinados á produción de fibras.

2. O importe das axudas será o seguinte:

a) Para as fibras longas de liño:

1.º 200 euros/tonelada para a campaña de comercialización 2009/2010.

2.º 160 euros/tonelada para as campañas de comercialización 2010/2011 e 2011/2012.

b) Para as fibras curtas de liño e fibras de cânabo que non conteñan máis dun un 7,5% de impurezas e residuos, 90 euros/tonelada para as campañas de comercialización 2009/2010 a 2011/2012.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de xuño de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA